

¿Nova cista decorada na Galiza central?

LOIS LADRA*

Sumario

Damos a coñecer unha nova laxe granítica insculturada que podería ter formado parte dunha cista da Idade do Bronce. O seu estudo pormenorizado e o dos seus paralelos máis inmediatos permitirían definir, sobre a base da distribución xeográfica actual destes achados, a existencia dun *Grupo Galaico de Cistas Decoradas*. A análise comparativa dos motivos ornamentais amosa unha marcada analogía formal e conceitual con certas decoracións presentes na ourivaría dos primeiros tempos da metalurxia atlántica peninsular.

Abstract

In this paper, we present a new carved slab, probably belonging to a stone cist of the Early Bronze Age in NW Iberia. Its decoration has several counterparts in the EBA gold metallurgy, so we suggest a symbolic and funerary meaning for these kinds of motifs inside the so called Galician Carved Cists Group.

ANTECEDENTES

Na década dos sesenta do pasado século XX apareceron as primeiras referencias pontuais, marxinais e confusas, sobre certas laxes decoradas até daquela descoñecidas para a tradición historiográfica da arqueoloxía galega (LUENGO, 1965; ANATI, 1968). Porén, até comezos dos anos oitenta non se producirá unha primeira achega crítica e sistemática a esta cuestión, xa con un maior número de elementos de análise e con uns contextos arqueolóxicos mellor definidos: será o profesor Vázquez Varela quen chame a atención da comunidade científica, ao realizar unha completa síntese centrada nos enterramentos en cista da Idade do Bronce coñecidos entón na Galiza (VÁZQUEZ, 1980a), abordando tamén, noutro traballo e de maneira monográfica, a cuestión das cistas decoradas (VÁZQUEZ, 1980b). A súa proposta interpretativa defendía o carácter epimegalítico desta arte funeraria e a existencia coetánea, nunha mesma cultura, dunha dualidade temática e funcional perceptíbel na linguaxe simbólica das gravuras rupestres da Idade do Bronce: a das cistas, oculta nas paredes interiores e vencellada ao mundo dos defuntos, e a dos petroglifos, visíbel ao ar libre e ligada ao mundo dos vivos.

Nesa mesma década dos oitenta, publicáronse de forma máis pormenorizada algúns achados (MONTEAGUDO et al., 1981; VÁZQUEZ, 1985-86) que virían ampliar o xa de por si reducido *corpus* de cistas noroestinas decoradas.

Xa nos anos noventa, sen acrescentar cuantitativamente o número de casos coñecidos, outros autores plantearon diversas contribucións de carácter interpretativo (FÁBREGAS e PENEDO, 1994; FÁBREGAS e PENEDO, 1995; PENEDO e FÁBREGAS, 1997), tentando

* **Arqueólogo. Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade Complutense (Prehistoria-Etnoloxía). Diplomado en Estudos Avanzados (Arqueoloxía) pola Universidade de Santiago. Mestre en Arqueoloxía pola Universidade do Porto.**




Fig. 1.- A nova laxe decorada de Rodeiro.

superar esa presunta disociación iconográfica, para establecer puntos comúns e de contacto entre ambas realidades artísticas.

Máis recentemente, tampouco faltaron investigadores que defenden a existencia de relacións de proximidade e visibilidade constatábeis entre diversos casos de xacementos adscribíbeis á Idade do Bronce, nomeadamente enterramentos en cista e petroglifos ao ar libre do chamado *grupo xeométrico* (BÓVEDA et al., 1999).

Así as cousas, chegamos ao punto onde agora estamos, nos primordios do século XXI e con apenas unha ducia escasa de traballos publicados sobre a cuestión que aquí nos ocupa. Queremos aproveitar esta ocasión para dar a coñecer o caso dunha nova laxe gravada que até agora permanecía inédita, ao tempo que procuraremos ofrecer algunhas ideas que poidan contribuír a obter un mellor coñecemento verbo do seu contexto e da súa significación cultural primixenios.

A NOVA LAXE GRAVADA

A nivel formal e material, trátase dunha lastra granítica, de gran groso e feitío xeral trapezoidal, con dimensións máximas nos seus eixos maiores de 46 x 36 x 14 cm. (Fig. 1 e Foto 1). Actualmente, non conserva a súa integridade orixinal completa, pois un dos seus catro planos perimetrais amósase fracturado, aínda que con pátina xa antiga. Se ben hoxe podemos apreciar nela a presenza de algunhas extraccións periféricas puntuais e unha espesura xeral pouco homoxénea, con un máximo central de 14 cm. e un mínimo lateral de



Foto 1.- A nova laxe decorada de Rodeiro.

5 cm., esta laxe amosa unha forma xeométrica claramente intencionada e de orixe conceitual nitidamente antrópica, con tres dos seus cantos laterais bastante ben afeizoados.

A cara principal desta lousa granítica, coa superficie visibelmente regularizada de maneira tosca mas eficaz, presenta unha decoración gravada consistente nun rectángulo con varias liñas diagonais interiores dispostas de maneira secuencial e ordenada, conformando unha especie de dentes de serra cos vértices truncados; nun dos cantos deste rectángulo apréciase claramente o inicio dunha liña recta –bruscamente interrompida por fractura posibelmente accidental– que continuaría o desenrolo dun dos lados menores do citado polígono (Fig. 1 e Foto 1).

O estado de conservación actual desta laxe impédenos ter –en principio– unha visión completa do devandito motivo decorativo. Porén, máis adiante faremos unha proposta de lectura iconográfica completa, sobre a base da existencia de diversos paralelos que, entendemos, nos permiten aventurar unha hipótese de reconstrución orixinal bastante coherente.

Este pequeno ortostato encóntrase exposto ao público no interior dunha das vitrinas do *Centro Cultural Municipal* de Rodeiro (doravante CCMR, Pr. Pontevedra), co número de inventario 129. A peza presenta na súa superficie un siglado duplo, con dúas grafías diferenciadas: “129”, correspondente á súa numeración de inventario actual, e “?-0004”,

de menor tamaño e de fixación anterior á primeira. No CCMR non existe rexistro algún que nos informe sobre a procedencia xeográfica concreta deste achado e sobre as circunstancias en que se produciu a súa descuberta.

Convén ter en conta que, gracias a diversas informacións orais confirmadas por unha fotografía dos anos noventa (cfr. foto 2), sabemos que esta laxe decorada formaba parte da “Colección Julio Lois”, xunto con outros moitos materiais, algúns deles hoxe expostos no CCMR. Ao longo dos anos setenta e oitenta, este mestre local, hoxe falecido, conformou



Foto 2.- Presenza da laxe obxecto deste estudo na “Colección Julio Lois”.

unha significativa colección arqueolóxica con diversas pezas presuntamente achadas no ámbito xeográfico local (concello de Rodeiro) que hoxe conforman o groso dos fondos arqueolóxicos da chamada “Colección de Rodeiro”. Verbo deste particular, cómpre lembrar que a sigla máis vella desta laxe amosa o mesmo tamaño, tipo de caracteres e estrutura alfanumérica que as siglas que foron marcadas noutras pezas da súa colección polo propio profesor Julio Lois.

A sigla “129”, de maior tamaño cá anterior, foi marcada nesta peza polo actual responsábel do CCMR a finais de 1998, respectando a numeración que lle correspondía á mesma no *“Inventario de materiais arqueolóxicos depositados en dependencias do Concello de Rodeiro”*, efectuado ese mesmo ano polo arqueólogo Luís Xúlio Carballo Arceo (CARBALLO, 1998). Nun momento indeterminado da década dos noventa, os sucros dos gravados desta laxe foron realizados visualmente por aplicación sobre os mesmos dunha tiza branca, aínda hoxe ben visíbel.

En principio, pódese considerar esta peza como un fragmento dunha laxe que tería formado parte dunha cista prehistórica, tanto pola súa forma como polo seu tamaño, materia prima, motivos e técnica decorativa, tamén presentes noutros paralelos ben coñecidos –nomeadamente na chamada cista da Ínsua– dos que máis adiante falaremos. O lugar concreto que ocuparía esta laxe na estruturación orixinal da caixa que conformaría a devandita cista sería, case que con toda probabilidade, o de unha das súas cabeceiras ou lados menores.

Verbo da localización orixinal deste eventual enterramento individual, as nosas hipóteses actuais céntranse en tres posibilidades:

1. A laxe tería formado parte da xa coñecida cista do lugar das Antas (Fr. San Estevo de Carboentes, Cc. Rodeiro, Pr. Pontevedra), posta ao descuberto por un tractor en 1977 e da que se publicou unha lousa decorada (MONTEAGUDO et al. 1981: 132-137; VÁZQUEZ, 1985-86), ignorándose desde entón e até o momento presente o paradeiro das restantes laxes e se tamén estaban ou non decoradas.




Fig. 2.- Grupo Galaico de Cistas Decoradas: distribución e iconografía.

- 1.- A Ínsua (Vázquez Varela, 1980b: 47, fig. 2).
- 2.- Coitemil (Penedo e Fábregas, 1997: 338, fig. 3.1).
- 3.- As Antas (Vázquez Varela, 1994: 107, fig. C).
- 4.- Rodeiro (Deseño do autor).

2. A lousa procedería dunha cista arrasada en 1978 en Suacasa (Lg. Eirexe, Fr. San Vicente de Rodeiro, Cc. Rodeiro, Pr. Pontevedra), feito do que temos constancia por unha puntual referencia bibliográfica, aínda que sen especificación algunha de que estivese decorada (MONTEAGUDO et al. 1981: 132).

3. Estaríamos perante un novo achado, diferente dos xa citados, de adscripción xeográfica moi probabelmente rodeirense e seguramente dezana. Na nosa opinión e tendo en conta o antedito, esta sería a hipótese máis verosímil.

PARALELOS COÑECIDOS. O GRUPO GALAICO DE CISTAS DECORADAS

Dentro do que, no estado actual dos nosos coñecimentos, poderíamos denominar pola extensión xeográfica deste fenómeno, *Grupo Galaico de Cistas Decoradas*, debemos incluír os seguintes casos documentados (Fig. 2):

- 1.- As Antas (Fr. San Estevo de Carboentes, Cc. Rodeiro, Pr. Pontevedra).
- 2.- A Ínsua (Fr. San Xoán de Borneiro, Cc. Cabana, Pr. A Coruña).
- 3.- Coitemil (Fr. San Pedro de Ferreiroa, Cc. Agolada, Pr. Pontevedra).
- 4.- Rodeiro (Cc. Rodeiro, Pr. Pontevedra).

Non imos entrar agora na descrición pormenorizada de todos e cada un destes casos, pois este labor xa foi realizado por diversos autores nas publicacións que aparecen referidas na bibliografía final do noso traballo. De entre todos estes achados, sen dúbida algunha o paralelo máis directo para a laxe aquí obxecto de estudo, por forma, tamaño e decoración, sería o conxunto formado polas lousas de cabeceira da cista da Ínsua, coñecidas como laxes A e B (VÁZQUEZ, 1980a: 24 e fig. 1A e 1B). Máis adiante voltaremos a falar desta cuestión.

Contrariamente ás propostas de outros autores (FÁBREGAS e PENEDO, 1994; VÁZQUEZ, 1994; BÓVEDA et al., 1999), preferimos non incluír entre as cistas decoradas tres exemplares até certo punto polémicos, como serían Pedra Marrada (Fr. Santa Columba de Carnota, Cc. Carnota, Pr. A Coruña), Gandón 2 (Fr. San Cibrán de Aldán, Cc. Cangas do Morrazo, Pr. Pontevedra) e Quinta da Água Branca (Fr. Lovelhe, Cc. Vila Nova de Cerveira, Distr. Viana do Castelo), por razóns de cautela que analizamos de seguido e por separado.

Para a cista de Pedra Marrada –hoxe desaparecida– carecemos da máis mínima representación gráfica que nos poda confirmar a presenza dunha decoración insculturada de factura inequivocamente antrópica, pois tan só contamos con unha lacónica e subxectiva apreciación, segundo a cal, na súa tampa “*se aprecian unas incisiones todo a lo largo que pudieran ser obra humana*” (LUENGO, 1965: 13).

En Gandón 2, os motivos decorativos son simples coviñas localizadas no exterior do receptáculo funerario e sobre laxes de orixe non suficientemente esclarecida verbo da propia estrutura sepulcral: as cazoletas aparecen na cara externa da tampa e non sabemos se a súa execución foi conceptualizada en función da construción da cista ou se estamos perante unha laxe reaproveitada funcionalmente como peche da mesma, posibilidade ésta xa apuntada no seu día polo seu escavador (Peña, 1985: 81).

No caso da Quinta da Água Branca, e a pesar de ter sido encontrada ao pé da cista, a lousa insculturada non formaba parte da súa estrutura arquitectónica e atopábase gravada polas dúas caras, constituindo un fenómeno realmente inusual, por non dicir único ou excepcional. Todo isto aconsella unha máxima prudencia, polo cal debemos ser honestamente cautos e aceptar só como cistas decoradas aqueles casos suficientemente

documentados e inequivocamente contrastados. De calquer maneira, a pesar de non considerarmos no noso traballo estes tres casos, isto non quer dicir que nos dous últimos non se documente a existencia dunha certa relación entre cistas e petroglifos. Por outra banda, malia o escaso número de estacións até agora rexistradas, tampuco convén esquecer que, de momento e cos datos dispoñíbeis á vista, se aceptáramos os dous últimos casos, daríase unha aparente localización máis septentrional para as cistas gravadas con motivos lineais complexos e outra máis meridional para aquelas nas que só estarían presentes, de algunha maneira, as simples coviñas.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DAS CISTAS GALAICAS DECORADAS

As catro cistas inequivocamente decoradas coñecidas até o de agora no Noroeste presentan unha serie de parámetros formais e tendencias contextuais que non deben ser pasados por alto. Así, por exemplo, convén destacar pormenorizadamente unha serie de feitos que a continuación trataremos por separado.

A descuberta deste tipo de xacementos –na totalidade dos casos en que foi rexistrada– sempre se produciu de maneira casual e como consecuencia directa da realización de diversos labores de remoción de terras, o cal nos leva a pensar que estaríamos perante unha caste de estruturas funerarias actualmente non visíbeis en superficie. Así nolo confirmarían os datos dispoñíbeis para A Ínsua, Coitemil e As Antas, todas elas aparecidas no decurso de labores agrícolas e sempre por debaixo da superficie actual do terreno.

Polo xeral, no emprazamento topográfico destas cistas predominan as paisaxes abertas e achairadas. Os sitios da Ínsua, Cinco Mámoas (Coitemil) e As Antas, que comprobamos personalmente, amosan un perfil locacional moi similar entre si, con unha implantación preferencial en zonas de val potencialmente agricultábeis.

Verbo da contextualización arqueolóxica destes locais, podemos establecer unha relación de proximidade espacial entre estas cistas e algúns conxuntos megalíticos e/ou tumulares, como serían os casos da Ínsua (moi cercana ao dolmen de Dombate), Coitemil (íntegrada nun grupo denominado Cinco Mámoas) e As Antas (con unha toponimia suficientemente expresiva). Porén, tamén cómpre salientar a existencia de relacións de relativa imediatez entre cistas decoradas e petroglifos ao ar libre, como mínimo, no caso de Coitemil, que puidemos contrastar personalmente.

Outra tendencia a destacar sería o feito de estarmos moi probabelmente perante verdadeiras necrópoles e non fronte a simples achados isolados, pois, atendendo a criterios arqueolóxicos (directos) ou toponímicos (indirectos), ben poderían ter sido auténticos cemiterios compostos por varias estruturas funerarias os casos de Coitemil e As Antas, respectivamente.

A arquitectura das cistas decoradas caracterízase frecuentemente polo recurso sistemático á construción de *caixas* de pedra de feitío rectangular ou cadrangular, conformadas por un número variábel de lousas, das que normalmente catro actuarían como paredes laterais fincadas no sustrato xeolóxico natural, reforzando as súas bases de apoio con diversos calzos, todo elo cuberto por unha ou varias laxes a xeito de tampa plana. O soporte material das cistas decoradas, en todos os casos até agora rexistrados, é sempre o granito. Iso si, normalmente as caras interiores destas laxes foron regularizadas toscamente, contrapondo unhas superficies alisadas ocultas no interior a unhas superficies máis descoidadas e irregulares no exterior.

A decoración localizaríase na cara interior das paredes da cista, de superficies máis regulares que as exteriores, predominando as composicións xeométricas de carácter complexo (Coitemil, As Antas, A Ínsua e Rodeiro). Se cadra por iso, non sería demasiado arriscado supor que as gravuras destas cistas constituían unha arte preferentemente centrada na figura do defunto e no seu tránsito espiritual cara ao Alén. Daquela, existiría unha aparente disociación entre o exterior e o interior das cistas. Os motivos decorativos presentes son sempre de marcado carácter xeométrico, dominando as liñas rectas sobre as curvas, nun padrón compositivo dotado dunha gramática ornamental tendencialmente lonxitudinal e simétrica. Constátase a presenza sistemática de reticulados, liñas paralelas, dentes de lobo, puntos e círculos.

Sobre o tipo de ritual funerario posto en práctica nestas cistas decoradas e verbo da súa orientación, nada sabemos por carecermos de evidencias arqueolóxicas directas. Como enxovais depositados nas cistas decoradas teríamos un “*recipiente cerámico hemiesférico, tripede y de borde horizontal volado, sin decoración*” na cista de Coitemil (FILGUEIRA e GARCÍA, 1977: 91) e un puñal de cobre aparecido xunto con un recipiente cerámico *tipo floreiro* na cista das Antas (MONTEAGUDO et al., 1981: 135).

TENTATIVA DE CONTEXTUALIZACIÓN CULTURAL E CRONOLÓXICA

A primeira vez que unha destas laxes foi publicada, apareceu identificada como unha “*tavola decorata di una tomba a cista di età del ferro*” (ANATI, 1968: 119). Anos máis tarde, a cista da Ínsua sería datada, xenericamente e sen maiores precisións cronolóxicas, na Idade do Bronce (RODRÍGUEZ CASAL, 1975: 20).

A principios dos anos oitenta vencéllase este tipo de estruturas decoradas ao Bronce Inicial (VÁZQUEZ, 1980b), se ben algúns autores, sobre a base de paralelos tipolóxicos para os enxovais exhumados, cinguiron a adscrición cronolóxica da cista das Antas ao século XVIII a. C., máis concretamente entre o 1750 e o 1700 a. C. (MONTEAGUDO et al., 1981: 137). Tampouco faltaron propostas con marcos temporais máis amplos có anterior, aínda que sempre dentro do Bronce Inicial do Noroeste, para o cal se establecían unhas lindes “*entre el 1800 y el 1500 antes de Cristo*” (VÁZQUEZ, 1985: 93).

En datas xa máis recentes, tense postulado un lapso cronolóxico para a arte das cistas “*que abrangue dende o derradeiro tercio do III milenio ata os primeiros séculos do II (en anos solares)*” (FÁBREGAS e PENEDO, 1994: 5). Estas propostas teñen sido obxecto de unha forte contestación para a totalidade das cistas noroestinas, sobre a base de diversas consideracións de índole tipolóxica e contextual (BETTENCOURT, 1997: 621-623), aínda que actualmente semella que a datación máis consensuada para as cistas decoradas sería a que as cinguiría aos comezos da Idade do Bronce. Sexa como for, de todas formas cómpre non esquecermos que, a día de hoxe, todavía carecemos de datacións radiocarbónicas absolutas para a totalidade dos casos coñecidos de cistas galaicas decoradas.

No Bronce Inicial do Noroeste existen evidencias claras que nos remiten a unha pluralidade de solucións funerarias (MEIJIDE, 1992, 1995 e 1996; BETTENCOURT, 1997; FÁBREGAS e VILASECO, 1999), tanto en estruturas arqueolóxicas (cistas, túmulos, *cairns*, fosas, enterramentos en covas ou abrigos...) como en relación cos rituais (inhumacións, cremacións), coas deposicións dos restos humanos (primarias, secundarias) ou cos enxovais (presentes, con diversos graos de riqueza e combinacións materiais, ou completamente ausentes, polo menos a nivel inorgánico).

Moitas das características anteriormente referidas ao *Grupo Galaico de Cistas Decoradas*, pódense observar noutras cistas sen decorar, que, en función dos casos analisados, confirman, matizan ou amplían as tendencias xerais xa sinaladas, tendo en conta a existencia dunha casuística cuantitativa e cualitativamente mellor definida (cfr. especialmente FÁBREGAS e VILASECO, 1999: 197-206). Isto, evidentemente, lévanos a considerar como un feito necesario e recomendábel para un futuro próximo, tentar encetar esta cuestión desde uns parámetros máis amplos e globalizadores, lonxe dun excesivo reduccionismo que limitaría considerabelmente calquer tipo de interpretación preliminar.

En definitiva, poderíase dicir que as cistas decoradas constitúen unha manifestación artística singular no Noroeste, especialmente na comarca pontevedresa do Deza, que concentraría tres dos catro casos documentados até o de agora. De calquer maneira, cómpre contextualizar esta realidade arqueolóxica puntual no seu marco cultural xenérico como unha peculiaridade concreta inserida nun fenómeno funerario máis amplo e complexo: nen as cistas eran o único tipo de enterramento vixente na Idade do Bronce, nen todas tiñan enxoval, nen todas estaban decoradas.

POSÍBEIS SIGNIFICADOS DAS GRAVURAS DAS CISTAS DECORADAS

As insculturas gravadas no interior das paredes de algunhas cistas noroccidentais amosan unhas características formais e gramaticais senlleiras, que teñen levado a diversos investigadores a proporen variadas hipóteses sobre a(s) súa(s) orixe(s) e significación(s) primixenia(s). O debate de ideas non está ausente, e as distintas propostas sucédense no tempo, amostrando unha clara pluralidade interpretativa que día a día aporta un maior número de matices e perspectivas. A continuación, tentaremos resumilas brevemente, enunciando os seus postulados básicos e seguindo unha orde expositiva diacrónica, de carácter historiográfica.

Inicialmente, defendéronse propostas aínda hoxe mantidas que identificaban a decoración das cistas con unha arte epimegalítica, coeva dos petroglifos ao ar libre, aínda que claramente dissociada deles pola existencia dunha presunta dualidade temática relacionada con unha dualidade de funcións. Así, teríamos por unha banda unha *arte funeraria oculta*, vencellada ao mundo do Alén, fronte a unha *arte profana visíbel*, ligada ao universo simbólico dos vivos (VÁZQUEZ, 1980b: 45; VÁZQUEZ 1994: 110).

Moi pouco tempo despois do primeiro destes traballos, non faltarían investigadores que procuraron ir significativamente máis lonxe desas propostas, considerando que *“los grabados de As Antas -así como otros semejantes- pueden corresponder a la representación, en tamaño mucho mayor, de joyas que constituirían ofrenda funeraria con finalidad mágico-simbólica de sustitución: cintas de oro y colgantes o cabezas circulares de alfileres de bronce”* (MONTEAGUDO et al., 1981: 134).

Só en datas ben máis recentes foi planteada unha nova aportación interpretativa que pretendeu superar a dualidade temática e funcional da arte das cistas e a dos petroglifos ao ar libre, sobre a base da existencia de determinados paralelos iconográficos documentados en ambos contextos, así como na tradición megalítica anterior (FÁBREGAS e PENEDO, 1994), considerando acertadamente que *“un mismo motivo puede tener un significado y función diferentes según el contexto en que se utiliza”* (FÁBREGAS e PENEDO, 1995).

Por outra banda, os últimos traballos publicados polo profesor Vázquez Varela constitúen un bon exemplo de aquelas tentativas que procuran relacionar os motivos

ornamentais presentes nas cistas decoradas con unha linguaxe simbólica vencellada ao mundo dos mortos e do Alén, a través da posibilidade de que estes representen un reflexo de visións entópticas derivadas ou non do estado de trance hipnótico provocado pola inxesta de substancias psicotrópicas e alucinóxicas (VÁZQUEZ, 1999: 122-127), o cal abre novas vías nos futuros labores da investigación..

Pola nosa parte, pensamos que o carácter fortemente xeométrico dos motivos rexistrados non debe condicionar unha aproximación de carácter abstracto e anicónico, cando baixo unha perspectiva *formalista* que teña por base a tentativa de establecer *analogías iconográficas e contextuais* podemos chegar a recoñecer a ergoloxía material que moi posibelmente se agocha baixo as gravuras das cistas e os motivos nelas representados.

Esta vía, se cadra excesivamente tradicional e claramente deudora de liñas investigadoras precedentes (MONTEAGUDO et. al., 1981; PENEDO e FÁBREGAS, 1997), pode aportar algúns datos que consideramos dignos de interese e reflexión. Desta maneira, cremos que existen suficientes indicios como para retomarmos as interpretacións *formalistas*, tendo en conta a contextualización material e cultural das cistas galaicas decoradas e da ourivaría atlántica do Noroeste, presumibelmente coevas.

Bastarán dous exemplos moi significativos para poder expor, textual e graficamente, as nosas hipóteses. Se reparamos atentamente na fig. 3, observaremos a representación gráfica do desenrolo ornamental do diadema áureo da Quinta da Água Branca (3A1) e dúas das laxes decoradas da cista da Ínsua (3B2 e 3B3): os paralelos iconográficos existentes entre eles resultan máis que evidentes. Para alén disto, as semellanzas formais entre os motivos decorativos do diadema da Quinta de Vale de Moinhos (fig. 3B1) e os dos ortostatos gravados das cistas da Ínsua (fig. 3B2) e de Rodeiro (fig. 3B3) non poden deixarnos ficar indiferentes.

No primeiro caso (fig. 3A), diadema e ortostatos amosan un programa iconográfico moi semellante, composto a base de senllas ringleiras de dentes de lobo enfrontadas entre si, seguindo unha gramática ornamental de desenrolo marcadamente lonxitudinal e simétrico. No segundo exemplo (fig. 3B), os dentes de serra conforman unha banda rectangular transversal, a partir da cal se desenvolven senllas prolongacións lonxitudinais separadas e paralelas, que parten de cada un dos extremos distais da devandita banda.

Outro pormenor interesante derívase das características cronolóxicas e contextuais destes elementos materiais: diademas e cistas decoradas aparecen sistematicamente vencellados no Noroeste a contextos funerarios datábeis no Calcolítico final e nos comezos da Idade do Bronce. Mas isto non é todo, pois o diadema da Quinta da Água Branca foi recuperado no interior dunha cista granítica, xunto con dúas espirais e dous anéis de ouro, así como con un puñal de espigo feito en cobre arsenical.

Unha vez enunciadas estas consideracións de índole xeográfica, cronolóxica, contextual e iconográfica, cremos que podemos defender, seguindo os postulados de outros autores que nos precederon (MONTEAGUDO et al, 1981: 134), a existencia dunha clara realidade iconolóxica que asociaría simbolicamente en algúns casos -non en todos- un comportamento funerario determinado (enterramentos individuais en cista) con un certo tipo de bens de prestixio (diademas áureos).




Fig. 3. - Analogías iconográficas entre os motivos decorativos das láminas áureas e os das cistas decoradas:

- A1.- Diadema atopado na cista da Quinta de Água Branca (Pingel, 1992: taf. 62, 1);
A2 e A3.-Laxes laterais da cista da Ínsua (Vázquez Varela, 1980b: 47, fig. 2).
B1.-Diadema atopado na Quinta de Vale do Moinho (Blas, 1994: 113, fig. 5A);
B2.-Laxes das cabeceiras da cista da Ínsua (Vázquez Varela, 1980b: 47, fig. 2);
B3.-Laxe decorada dunha cista atopada en Rodeiro (deseño do autor).

NOTA FINAL


Con este pequeno traballo agardamos poder ter contribuído a mellorar cuantitativa e cualitativamente os escasos coñecimentos actuais que temos sobre a realidade arqueolóxica nuns momentos que, polo de agora, semellan restrinxirse contextual, espacial e temporalmente, ao mundo funerario do Noroeste nos finais do III milenio a. C. e nos comezos do II. Futuras investigacións virán certamente a matizar e completar estes datos, fornecendo unha mellor definición xeográfica e cronolóxica para esta e outras cuestións da nosa Pre-historia. Facemos votos para que así sexa.

Agradecimentos: Quero expresar a miña máis sincera gratitude a Xulia Vidal, sen cuxa axuda e apoio constantes este traballo non tería visto a luz. Asemade, Domingos J. Cruz, André Santos e Susana Nunes contribuíron coas súas numerosas suxestións -se cadra dun xeito inconsciente mas moi activo- a darlle forma ao artigo. Calquer erro ou omisión involuntarias que se teñan producido son responsabilidade única de quen isto suscrebe.

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ, J. M., ACUÑA, F. e GARCÍA, M. C. (1970): "Cista y ajuar funerario de Atios (Porriño)", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXV (75): 20-36.
- ANATI, E. (1968): *Arte rupestre nelle Regioni occidentali della Penisola Iberica*. Capodi Ponte, Centro Camuno di Studi Preistorici, Archivi di Arte Preistorica, n. 2.
- ANÓNIMO (1966): "Carnota (Coruña). Pedra Marrada", *Noticario Arqueológico Hispánico*, VIII-IX (1-3): 347.
- BETTENCOURT, A. M. S. (1997): "Expressões funerárias da Idade do Bronze no Noroeste peninsular", *Actas del II Congreso de Arqueología Peninsular*, Tomo II, pp. 621-632. Zamora, Ed. Fundación Rei Afonso Henriques.
- BLAS, M. A. de (1994): "El anillo áureo de tiras de la Mata'l Casare I y su localización megalítica", *Madridier Mitteilungen*, 31: 107-122.
- BÓVEDA, M.^a J., CAÑIZO, J. A. e E VILASECO, J. I. (1999): "Lugares para grabar, lugares para morrer. Petroglifos e cistas na Idade do Bronze do N.W. da Península Ibérica", *Gallaecia*, 18: 89-101.
- CARBALLO, L. X. (1998): *Inventario de materiais arqueolóxicos depositados en dependencias do Concello de Rodeiro*. Documento oficial inédito, do que se conserva copia no Centro Cultural Municipal de Rodeiro.
- CORREIA, V. H. e RE CAREY, M. A. (1988): "Insculturas rupestres da Serra da Gávea; Sr.^a da Encarnação", *Actas do Colóquio Manuel de Boaventura. Arqueologia*, pp. 93-111. Esposende, Câmara Municipal de Esposende.
- CRUZ, D. J. (1991): *A mamoa I de Chã de Carvalhal no contexto arqueológico da Serra da Aboboreira e da Pré-história Recente do Norte de Portugal*. Coimbra, Instituto de Arqueologia, Trabalho policopiado.
- DELIBES, G. e RODRÍGUEZ, A. (1976): "Una nueva necrópolis de cistas en el Noroeste peninsular", *Letras de Deusto*, 6 (12): 181-186.
- FÁBREGAS, R. (1993): "¿Enterramientos tumulares en la Edad del Bronce? Nuevas evidencias para el Noroeste", *Espacio, Tiempo y Forma, Serie I, Prehistoria y Arqueología*, 6: 181-204.
- FÁBREGAS, R. (1995): "La realidad funeraria en el Noroeste del Neolítico a la Edad del Bronce", en R. Fábregas, F. Pérez e C. Fernández (Eds.), *Arqueoloxía da Morte na Península Ibérica desde as orixes ata o Medievo*, pp. 95-125. Xinzo de Limia, Ed. Excmo. Concello de Xinzo de Limia.
- FÁBREGAS, R. e BRADLEY, R. (1995): "El silencio de las fuentes: prácticas funerarias en la Edad del Bronce del Noroeste y su contexto europeo", *Complutum*, 6: 153-166.

- FÁBREGAS, R. e PENEDO, R. (1994): “Petroglifos e arte das cistas do Noroeste”, *Trebarvna*, 3: 5-21.
- FÁBREGAS, R. e PENEDO, R. (1995): “Cistas decoradas y petroglifos: una revisión”, *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología* (Vigo, 1993), vol. 2, pp. 105-110. Vigo.
- FÁBREGAS, R. e VILASECO, X. I. (1998): “Prácticas funerarias no Bronce do Noroeste”, en R. Fábregas (Ed.), *A Idade do Bronce en Galicia: novas perspectivas*, pp. 191-219. Sada, Edicións do Castro, Col. “Cadernos do Seminario de Sargadelos”, n. 77.
- FILGUEIRA, J. e GARCÍA, A. (1977): “Inventario de monumentos megalíticos”, *El Museo de Pontevedra*, 31: 49-130.
- FORTES, J. (1906): “A sepultura da Quinta da Água Branca”, *Portugália*, II (2): 241-252.
- LUENGO, J. M.^a (1965): “Las sepulturas de la Edad de Bronce, descubiertas en Carnota”, *La Voz de Galicia*, num. 27.036: 13 [Venres 21 de Maio].
- MEIJIDE, G. (1992): “A necrópole do Agro de Nogueira (Piñeiro, Toques): un paso fundamental para o coñecemento da Idade do Bronce en Galicia”, *Boletín do Centro de Estudos Melidenses*, 7: 7-14.
- MEIJIDE, G. (1994): “El concepto de las relaciones atlánticas en la Edad del Bronce del Noroeste”, en L. Castro e S. Reboredo (Coords.), *Edad del Bronce*, pp. 195-231. Xinzo de Limia, Ed. Excmo. Concello de Xinzo de Limia.
- MEIJIDE, G. (1995): “La necrópolis del Bronce Inicial del Agro de Nogueira (Toques, A Coruña)”, *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología* (Vigo, 1993), vol. 2, pp. 85-88. Vigo.
- MEIJIDE, G. (1996): “La necrópolis del Bronce Inicial del Agro de Nogueira (Piñeiro, Toques, A Coruña) en el contexto funerario de su época”, en *Humanitas. Estudios en homenaxe ao Profesor Carlos Alonso del Real*, pp. 215-239. Santiago de Compostela, Ed. Servicio de Publicacións da USC.
- MONTEAGUDO, L., GARCÍA, A. e LOIS, J. (1981): “El hacha de Salto (Rodeiro) y las primeras hachas de tope de dos asas en Europa”, *El Museo de Pontevedra*, 35: 117-162.
- PENEDO, R. e FÁBREGAS, R. (1997): “Cistas decoradas de Galicia y su contexto regional”. *Brigantium*, 10: 333-342.
- PEÑA, A. (1985): “Las cistas de Gandón (Cangas de Morrazo, Pontevedra)”, *El Museo de Pontevedra*, 39: 77-99.
- PINGEL, V. (1992): *Die vorgeschichtlichen goldfunde der Iberischen Halbinsel*. Berlín-New York, Ed. Walter de Gruyter.
- RAMIL, J. e VÁZQUEZ, J. M. (1979): “Enterramiento en cista de la Edad del Bronce de O Cubillón, Xermade (Lugo)”, *El Museo de Pontevedra*, 33: 61-68.
- RODRÍGUEZ CASAL, A. (1975): *Carta Arqueológica del Partido Judicial de Carballo de Bergantiños*, *Studia Archaeologica*, 34.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1971): “La cultura megalítica en el Alto Búbal”, *Boletín Auriense*, 1: 31-60.
- SILVA, M. A. (1994): “A cista de Gorgolão (Vila da Ponte – Montalegre)”, *Portugália Nova Série*, 15: 137-144 + 2 Est.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1980a): “Enterramientos en cista de la Edad del Bronce en Galicia”, *Pontevedra*, 0: 23-40.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1980b): “Cistas decoradas en Galicia: una nueva manifestación artística de la Edad del Bronce”, *Brigantium* 1: 41-48.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1985-86): “Nueva cista decorada del Bronce Inicial de Galicia”, *Pontevedra Arqueológica*, 2: 91-95.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1994): *Ritos y creencias en la Prehistoria Gallega*. A Laracha, Xuntanza Editorial.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1999): *Ideología, imagen y sociedad en el inicio de la Edad del Bronce en el occidente de la provincia de A Coruña*. A Coruña, Servicio de Publicacións da Excelentísima Deputación Provincial.



Cista de inhumación individual
Adaptado de M. Varela et al., 1986:
A Necrópole da Viña do Casão (Vilamoura, Algarve).